

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

CONTIDOS

1. VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2
2. PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2
3. CONTROL DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

1. VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

- Cada centro educativo deberá contar cun **equipo** (persoal e/ou profesorado) formado na COVID-19 que será referencia para o resto de persoal.
- Os centros educativos terán un **centro de saúde de referencia**.
- Habilitarase un **espazo no centro para illamento**.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

1. DETECCIÓN PRECOZ NO PERSOAL E PROFESORADO DO CENTRO

- **Autoavaliación e rexistro diario** de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no persoal e profesorado mediante a realización da **enquisa clínico-epidemiolóxica**.
- **Se existe sintomatoloxía non acudirán ao centro.**
- Notificar ao centro de saúde.
- Menor rotación posible do persoal e profesorado.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		
Existe algún motivo que xustifique os síntomas por parte do paciente?			

Se algún síntoma (sen outra xustificación):

Ten actualmente síntomas? SI/NON

		SI	NON
Tivo CONTACTO nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		
CONVIVIU nas últimas 3 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

2. DETECCIÓN PRECOZ NO ALUMNADO

- A familia deberá de facer da cotío a cada neno avaliación diaria de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 mediante a realización da enquisa clinico-epidemioloxica.

Febre maior de 37,5°C
Tose seca
Dificultade respiratoria

**Si existe sintomatoloxía non acudirán o colexio
a familia contactará inmediatamente co seu centro de saúde**

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

VIXILANCIA DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

- Vixilancia activa do persoal e profesorado de síntomas compatibles con infección por SARS-CoV-2 no alumnado.
- Ante a detección de síntomas no centro contactarase coa sua familia. Permanecerá coa máscara cirúrxica no espazo exclusivo para illamentos.
- Si contacto con sospeitosos, os nenos non poderán acudir ao centro ata ter o resultado da proba e que este sexa negativo.

2. PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

1. Educación sanitaria.
2. Establecer plans de formación e información continua para o persoal, o profesorado e o alumnado.
3. Intensificación da limpeza e desinfección do centro.
4. Medidas relacionadas coa protección individual.
5. Medidas de distanciamento xerais.
6. Medidas de distanciamento para o persoal e profesorado.
7. Medidas relacionadas coa entrada ao centro.
8. Medidas nas aulas.
9. Medidas nos momentos de merenda e xantar.
10. Medidas nos momentos de recreo.
11. Medidas para as familias e titores/as do alumnado.



FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

1. EDUCACIÓN SANITARIA

Incidir en:

- Concienciación e interiorización da magnitude do problema.
- Información sobre aspectos científicos e epidemiolóxicos da infección por SARS-CoV 2.

Medidas de protección

- Xerar dinámicas para que:
 - O alumnado realice **hixiene de mans** con frecuencia.
 - A implantación de **medidas de hixiene** respiratoria.
- **Á entrada e saída do centro é obrigatoria a realización da hixiene de mans con verificación do cumprimento.**
- **Dispensadores de solución alcohólica na a entrada e en espazos comúns.**



FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIGILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

RECORDAR:
Hixiene de mans
5 veces na xornada,
como mínimo

COMO DEBO LAVARME AS MANS?



FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

2. ESTABLECER PLANS DE FORMACIÓN E INFORMACIÓN CONTINUA PARA O PERSOAL, O PROFESORADO E O ALUMNADO

Antes do inicio do curso, darase formación en medidas de distanciamento físico e uso de máscaras tanto para o persoal, profesorado como para o alumnado.

https://coronavirus.sergas.gal/Contidos/Documents/188/Lavado_correcto_mans.pdf

<https://www.paho.org/es/temas/coronavirus/brote-enfermedad-por-coronavirus-covid-19/recursos-sobre-covid-19-para-padres>

Hixiene de mans

<https://femora.sergas.es/Seguridade/Video-5-EPI>

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

3. INTENSIFICACIÓN DA LIMPEZA E DESINFECCIÓN DO CENTRO

Incidir en:

- Establecer programas intensificados de limpeza no centro, en especial **varandas e pasamáns, mangos de portas, escritorios, xoguetes, subministracións, interruptores de luz, marcos de portas, equipos de xogo, axudas para o ensino** utilizadas polo alumnado e **portadas de libros**.
- **Ventilación** de salas e espazos comúns.
- Aumentar a frecuencia de **limpeza en ximnasios e instalacións deportivas e vestiarios**.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

4. MEDIDAS RELACIONADAS COA PROTECCIÓN INDIVIDUAL

Incidir en:

- Utilización de **máscara en todos os espazos do centro** tanto para o profesorado, o persoal e o alumnado (mais de 6 anos de idade e recomendado entre os 3 e 6 anos).
- Establecer **persoal de referencia** en cada centro para garantir o **uso correcto** do material de protección.
- Realizar **inventario e control de aprovisionamento** en función das necesidades.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

CONSIDERACIÓNS SOBRE O USO DA MÁSCARA (1/2)

RESOLUCIÓN do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade

a) Obriga xeral

- Para as **persoas de seis ou máis anos será obrigatorio o uso da máscara en todo momento**, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal.
- En **transporte público** ata o colexio, para as persoas de seis ou máis anos será **obligatorio o uso de máscara**.
- O uso de máscara será **obligatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal**.

b) Condicións do uso da máscara

- Deberáselle dar un **uso axeitado á máscara**, é dicir, esta deberá cubrir desde parte do tabique nasal ata o queixo, incluído.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

CONSIDERACIÓNS SOBRE O USO DA MÁSCARA (2/2)

c) Excepcións ao uso da máscara

- As persoas **menores de seis anos**.
- Cando se trate de persoas que presenten **algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria** etc.
- Nos **vehículos de turismo**, cando todas as persoas **ocupantes convivan no mesmo domicilio**.
- No caso de **actividade física e deportiva** en instalacións, sempre que se poida **garantir o mantemento da distancia de seguridade**, exclusivamente durante a realización das devanditas actividades.
- En **supostos de forza maior** ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

5. MEDIDAS DE DISTANCIAMENTO XERAIS

Incidir en:

- **Medidas de distanciamento físico.**
- Unha das actividades de **maior risco de contaxio é o canto**, en especial o **canto coral**.
- Regular as actividades en zonas comúns, distribuíndo estas **actividades en quendas**.
- Adecuar os **comedores** e as **cafeterías**.
- Recoméndase que durante a estadía no centro educativo (aulas, comedor, actividades extraescolares...) o alumnado, profesorado e profesionais manteñan **o volume de voz o máis baixo posible**.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

6. MEDIDAS DE DISTANCIAMENTO PARA O PERSOAL E PROFESORADO

Incidir en:

- As **entradas** do persoal e profesorado serán **graduadas**.
- A distancia a que **o profesorado se dirixira ao grupo aula** **será superior a 1,5 metros**.
- Evitar as **actividades grupais** dos equipos en espazos reducidos.
- Instalaranse **mamparas** en todos os lugares de **atención ao público**.
- Priorizarase o envío da **documentación** de inscrición, matrícula e calquera outra mediante **medios informáticos**.
- Os **trámites administrativos** serán realizados con **cita previa co centro**.
- As **reunións das ANPAS** realizaranse preferentemente en forma de **videoconferencia**.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

7. MEDIDAS RELACIONADAS COA ENTRADA AO CENTRO

Incidir en:

- Proporcionar **material** específico para a **hixiene de mans nas entradas e saídas**.
- Habilitar o **maior número de zonas de entrada e saída posibles**.
- A entrada e saída será **ordenada e gradual**.
- **Circulación unidireccional** do alumnado.
- **Limitar** o numero de **persoas** permitidas nos **vestiarios** á vez.
- **Limitar** o uso de **material persoal** dos nenos.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

8. MEDIDAS NAS AULAS

Incidir en:

- **Evitar** ou **reducir** ao máximo os **intercambios** entre o alumnado das distintas aulas.
- Na realización de **traballo grupal** manter a distancia indicada de **1,5 metros**.
- **Limitar as actividades deportivas** que se desenvolvan con **contacto físico** directo.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

9. MEDIDAS NOS MOMENTOS DE MERENDA E XANTAR

Incidir en:

- **A merenda servírase de xeito individualizado**, non podendo ser compartida entre o alumnado.
- **Diversificarase o lugar onde se sirvan as comidas** incluso coa implantación de dúas quendas para entrar ao comedor.
- Manteranse as **distancias de seguridade entre nenos e nenas** nas mesas de **comedor**.
- **Evitarse o intercambio** de comida e utensilios.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

10. MEDIDAS NOS MOMENTOS DE RECREO

Incidir en:

- A **hora** de recreo será **espazada entre as distintas clases**.
- Fomentar propostas de ocio en **pequenos grupos** onde coincidan nenos e nenas no mesmo espazo.
- **Habilitar o numero máximo de espazos dispoñibles** para o recreo.
- Darlle **prioridade ao uso da zona exterior** da escola.
- **Ventilación frecuente** de todos os espazos.
- Uso de materiais que se poidan **limpar e desinfectar**.

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

PREVENCIÓN DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

11. MEDIDAS PARA AS FAMILIAS E TITORES/AS DO ALUMNADO

Incidir en:

- A **entrega e recollida do alumnado** farase por **unha soa persoa**.
- As **familias non pasarán ao interior** do centro.
- **Fomentar** o uso das tecnoloxías de comunicación como as **video-chamadas** para as **entrevistas cos/as titores/as**.
- **As reunións de inicio e fin de curso**, substituiranse por reunións previamente **organizadas por aulas**.

3. CONTROL DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 3: VIXILANCIA, CONTROL E PREVENCIÓN

CONTROL DA INFECCIÓN POLO SARS-COV-2

INTERVENCIÓNS SANITARIAS QUE TRATAN DE EVITAR QUE AS PERSOAS INFECTADAS POLA COVID-19 DISEMINEN A INFECCIÓN:

- Control dos casos que non precisaron ingreso hospitalario: seguimento mediante teleasistencia (TELEA) ou telefonicamente.
- Control dos pacientes diagnosticados de COVID-19 tras a alta hospitalaria mediante teleasistencia (TELEA).
- Mantemento intensivo da estratexia de detección precoz de casos.
- Control e seguimento dos contactos estreitos dos casos COVID-19 confirmados.



TELEA: é a plataforma de teleasistencia domiciliaria que o Sergas pon a disposición, entre outros, dos pacientes crónicos a través da web, para mellorar o seguimento das súas patoloxías.